



## O segundo sexo: variacións sobre o silencio

**María Xosé Agra Romero**

**B**en é certo, un libro só ten vida a través da súa lectura. Hai moitos xeitos de achegarse a un libro. En xeral, aqueles que foron lidos, moito ou pouco, pero que andando o tempo deixan de selo pasan a ser considerados, no mellor dos casos, como unha reliquia do pasado que non paga a pena ler ou releer, quedando así relegados ao silencio das estantes, agás para eruditos ou cazadores de reliquias. Outros entran, pola contra, na categoría de obras senlleiras ou excepcionais que pasan á historia e que adoitan ser clasificados como clásicos, facendo parte do canon, relegando entón ao silencio a aqueles outros que non se xulgan á altura requirida e, aínda máis, que non a terían por non terse axustado ao patrón do canon establecido (literario, filosófico...), pois invadirían espazos nos que non son ben recibidos, e son rexeitados. Habería outra categoría, a daqueles libros dos que se ten oído falar moito pero que, en realidade, poucos leron, acreditando en lugares comúns que se repiten, e respondendo a fórmulas tranquilizadoras tales como que o que din xa está

dito dunha vez por todas e non é o caso de darlle máis voltas, desactivando a súa lectura, e polo tanto o seu legado. Por suposto, temos que contar tamén con que hai formas máis radicais que tentan, vía a súa queima ou a dos índices de libros prohibidos, silencialos facéndoo desaparecer.

E aínda máis, que acontece se o libro é escrito por unha muller, é un texto de pensamento, filosófico, e por riba se pregunta, desde a perplexidade, en 1949, que é unha muller? Unha muller que pensa, que escribe, que publica *O segundo sexo* onde aborda a existencia humana como "experiencia vivida", como "situación", e a liberdade como compromiso activo co mundo. Empregando a filosofía para analizar a situación das mulleres, interrogándose sobre a tradición filosófica, sobre o seu vocabulario, sobre os conceptos esenciais, abrindo unha nova forma de interrogarse e concibir o humano, transformando a filosofía. En fin, en feliz expresión da filósofa feminista catalá Fina Birulés, Beauvoir

fixo "falar ao silencio". Acontécelle todo iso e máis.

Nos setenta anos de *O segundo sexo*, non está de máis lembrar que a súa publicación causou grande escándalo, e apuntar que desde entón non faltaron intentos de convertelo nunha reliquia do pasado, ou de sometelo a un respectuoso esquecemento. Ex-

**AS CONDUCTAS QUE DOCUMENTAMOS MOSTRAN COMO CO GOLPE "NON TODO É REPRESIÓN, TAMÉN HAI COOPERACIÓN E CONSENTIMENTO"**

cluído do canon filosófico, xa non como obra menor, senón mesmo ninguneándose o seu orixinal contributo ao pensamento existencialista, fécendoo depender no mellor dos casos do de Sartre; cando non, negándolle carácter filosófico; así, segundo Parsley, o seu tradutor ao inglés, en 1953, o libro é "despois de todo, sobre mulleres e non sobre filosofía", presen-

tando unha tradución deturpada na que, entre outras, non se respectou a terminoloxía existencialista, condicionando a súa lectura e interpretación; e malia as críticas recibidas, ata o ano 2010 non consegue ver a luz unha nova tradución. E, con todo, quíxose relegalo a unha lectura só feminista. Foi,

como non, enviado ao Índice de libros prohibidos. Mais non podemos esquecer que foi lido por moitas mulleres, cambiándolles a súa vida ou que, como subliña Birulés, co paso do tempo, "acompañou a moitas mulleres no proceso de autoafirmación persoal e que levou a algunhas cara a un compromiso coa loita feminista, pero nunca foi o equivalente dos textos teóricos do marxismo nin tampouco nada parecido a un decálogo", non é un texto sagrado nin pode ser descrito como a *Biblia do feminismo*. Tampouco pode ser reducido a un lugar común: "non se nace muller, chégase a selo", nalgúns casos sen terse lido o texto.

Nas nosas circunstancias, ante unha nova vaga do movemento feminista que ten como arma de loita a 'folga feminista', e que non xurdiu por xeración espontánea, importa recoñecer as débedas, transmitir o legado feminista, cada xeración ten que confrontalo de novo. *O segundo sexo* é un clásico, si, pero non silenciado nun panteón. A lectura e o empeño en pensar son armas feministas e democráticas, fan parte dunha aposta pola transformación social e política, requiren silencio, pero perseguen estoupar o silenciamento nas súas múltiples variacións.

**María Xosé Agra Romero** é Catedrática de Filosofía Moral e Política da Universidade de Santiago de Compostela. Membro da comisión de xénero do Consello da Cultura Galega, ten como liñas principais de investigación a Filosofía política contemporánea, a Teoría Crítica Feminista, Xustiza e Igualdade, Cidadanía e Vulnerabilidade e violencia. Na actualidade forma parte do grupo de investigadoras do proxecto «Feminismo, Ilustración y Multiculturalidad: procesos de ilustración en el Islam y sus implicaciones para las mujeres», dirixido pola doutora Celia Amorós Puente.